

ALCALDÍA

Expediente 38/142

**MEMORIA DO ORZAMENTO PARA O ANO 2017**

Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no art. 168.1.a) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Alcalde-Presidente que subscribe ao amparo das delegacións vixentes, encomendou ao Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda a formación do proxecto de Orzamento Xeral desta Entidade correspondente ao exercicio de 2017, cuxo contido, en resumo, desagrégase nos seguintes parágrafos.

O Orzamento Xeral do Concello de Vigo esta conformado polo da propia Entidade Local e o organismo autónomo administrativo dependente da mesma, en consecuencia, esta integrado por:

- Entidade Local.
- Xerencia Municipal de Urbanismo.

*Orzamento que se presenta en relación coas liñas fundamentais remitidas ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.*

En relación co estado de gastos, as liñas fundamentais enviadas ao MINHAP estaban a prever un crecemento do 1% no capítulo I, un 2% no capítulo II, un contía inferior ao 6% no capítulo IV, e uns investimentos que deberían acadar ao menos un 4% dos gastos non financeiros, e estar nunha contía arredor dos 9 millóns de euros. Non estaba prevista operación ningunha para concertar novos pasivos financeiros.

En canto ao estado de ingresos, o capítulo I tería que axustarase ao contido das ordenanzas que estaban en trámite de aprobación definitiva, axustando ademais, os padróns as variacións tendenciais da conxuntura económica.

En relación coa variación do imposto cedido polo Estado en relación co IRPF, a súa variación estaría en función da comunicación que faga o MINHAP, que a esta data non está notificada, establecéndose un incremento do 1 % en relación coas *entregas* a conta do ano 2016.

Esta variación aplicarase para a cesión do IVE e II.EE, así como para o FCF, que re reflecten no capítulo 2 e 4 do estado de ingresos.


Sobre a variación se fará a explicación no epígrafe correspondente aos ingresos.

O capítulo II, os ingresos resultantes dos impostos indirectos, Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, poderá ter un incremento do 6,6% en relación coa previsión do ano precedente.

Para a cesión do IVE e II.EE, manterase o mesmo criterio que o previsto para o IRPF, as



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2016 09:34	Páxina 1 de 19
Expediente 38/142	Código de verificación: 2EEE4-2A8CE-A48CC-DDEBC	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



ALCALDÍA

Expediente 38/142

previsións serán dun 1%.

O capítulo III, ingresos previstos por operacións correntes procedentes de taxas, prezos públicos e outros ingresos, manteranse as previsións do ano anterior, facéndose si cabe os axustes en relación co aproveitamento por operadoras de telefonía móbil e do servizo de grúa.

Capítulo IV. O total de ingresos previstos no Capítulo IV por transferencias correntes, ten a súa orixe no Fondo Complementario de Financiamento e na Participación nos tributos da Comunidade Autónoma. En canto aos primeiros, a variación en relación coas entregas a conta do ano 2016 incrementaranse nun 1 %.

A participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma manterase invariable.

En relación coa subvención para o servizo de Axuda no fogar incrementase tendo en conta a notificación feita pola Xunta de Galicia polo aumento das horas de servizo que se van a prestar, sendo este incremento de 400 mil euros.

Para o servizo do CEDRO mantense a mesma previsión ca do ano 2016.

A subvención ao transporte público colectivo urbano se prevé a mesma contía ca do ano precedente, polo tanto, tampouco será obxecto de axuste.

*Principios básicos do orzamento que se presenta*


O proxecto orzamentario que se presenta para o ano 2017, caracterízase polo seu equilibrio, racionalidade e sustentabilidade, pero sobre todo marcado pola procura da máxima eficiencia dos recursos públicos e os seus empregos, garantindo non só a prestación de servizos e investimentos, senón a sustentabilidade orzamentaria e financeira, constituíndo esta condición o paradigma que garante a continuidade nas prestacións e na calidade das mesmas, ademais de garantir que as empresas que prestan os servizos cobren nuns prazos por debaixo dos 25 días. O Concello de Vigo ven aplicando o principio de sustentabilidade dende hai anos, e cando entra en vigor a Lei Orgánica 2/2012, esta Entidade xa tiña percorrido o camiño da sustentabilidade.

Este Orzamento responde aos obxectivos e actuacións que fundamentan a mellora dos servizos sociais, especialmente os destinados a facer fronte a crise, ao emprego, os servizos educativos, culturais, protección e promoción social, promoción deportiva, e en xeral, os servizos públicos básicos.

O orzamento de 2017 responde ás características da situación actual, na que se fai precisa a adopción de políticas proactivas que faciliten a recuperación económica e que asenten as bases da recuperación sostida do emprego, ademais dunha ampla cobertura social, de aí, que se produza unha mellora nas dotacións dos servizos sociais.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2016 09:34	Páxina 2 de 19
Expediente 38/142	Código de verificación: 2EEE4-2A8CE-A48CC-DDEBC	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



ALCALDÍA

Expediente 38/142

O orzamento mellora as prestacións do exercicio precedente, non só atendendo a súa calidade senón tamén a intensidade, facendo un uso máis eficiente dos recursos na actual situación económica.

*Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo*

En canto ao Orzamento do organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, foi sometido a proposta ao Consello da Xerencia e preséntase por separado. En cumprimento do previsto no art.166.1.c) do TRLRFL, sen prexuízo da súa individualización, preséntase un estado consolidado conformado polo orzamento da Entidade Local e o Organismo Autónomo. O orzamento da XMU ten a dotación necesaria para facer fronte á actividade que foi obxecto de desconcentración polo Pleno da Corporación, e estará vixente ata que se produza a súa integración no Concello, se fose o caso.

Os aspectos salientables na estrutura do orzamento reflíctense na dotación para dar cobertura ás necesidades relativas aos proxectos de desenvolvemento no ámbito da xestión urbanística, nos que merecen especial consideración, a redacción do planeamento para un novo PXOM, desenvolvemento urbanístico, redacción do Plan da Panificadora, proxecto de urbanización da Avd. Europa, así como o de facer fronte a procesos de expropiación pendentes.

O capítulo I recolle axustes dos custes da Seguridade Social e a variación do 1% prevista, manténdose a contía do ano precedente.

O capítulo II, experimenta un crecemento importante, o 5,45%, a orixe do mesmo e a redacción do desenvolvemento do planeamento dos proxectos citados e basicamente, a dotación da primeira anualidade da redacción do PXOM .

En relación co reintegro que facía á Entidade (persoal adscrito), mantense a situación do ano 2016.

Tanto a memoria orzamentaria como o informe económico financeiro, pon de relevancia as variacións tanto nos recursos como nos empregos en relación co orzamento precedente.


En relación cos ingresos, tendo en conta a situación do PXOM, faise un axuste á baixa nos ingresos do capítulo 3, do 20,86% , facéndose unha previsión de ingresos axustada a realidade.

En relación coa transferencia, reflíctese no capítulo IV, a contía deste capítulo ten unha dotación por unha contía superior á achega do ano 2016, xustificada no axuste á baixa nos ingresos e un aumento no gasto que ten causa na redacción do PXOM.

En canto ao capítulo 6, investimentos reais, por unha contía de 2.693.000,00 euros, merece especial importancia polo seu impacto para a cidade, a dotación de 2.500.000,00 euros,



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2016 09:34	Páxina 3 de 19
Expediente 38/142	Código de verificación: 2EEE4-2A8CE-A48CC-DDEBC	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



ALCALDÍA

Expediente 38/142

para facer fronte a primeira anualidade do Plan da Panificadora, que vai permitir acometer un dos proxectos máis ambiciosos na cidade.

A aplicación ao estado de ingresos do produto do PMS, está condicionado á execución do gasto, de tal xeito que se produza un equilibrio, tanto en termos de estabilidade orzamentaria como na aplicación da regra de gasto. Polo tanto, o ingreso ten unha condición de afectado ao gasto que está a financiar.

**RESUMO DO ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS DA XMU E COMPARATIVO 2017- 2016**

CAPÍTULO	Estado de Gastos			Estado de Ingresos		
	Importe 2017	Importe 2016	Variación %	Importe 2017	Importe 2016	Variación %
1	3.894.822,35	3.894.822,35	0,00%			
2	1.518.665,18	1.440.240,37	5,45%			
3				1.080.600,00	1.365.489,77	-20,86%
4	1.325.512,47	1.375.512,47	-3,64%	5.891.400,00	5.705.407,84	3,26%
5				10.000,00	24.000,00	-58,33%
6	2.693.000,00	384.322,42	600,71%	2.500.000,00		100,00%
7	50.000,00		100,00%			0,00%
8	25.000,00	25.000,00	0,00%	25.000,00	25.000,00	0,00%
Total	9.507.000,00	7.119.897,61	33,93%	9.507.000,00	7.119.897,61	33,53%

Sobre a contía dos estados iniciais que se someten a consideración do Consello e posteriormente ao Pleno da Corporación, tramitaranse as preceptivas modificacións orzamentarias, das que merece especial relevancia, a correspondente á incorporación de remanentes é o convenio sobre rehabilitación de vivenda que se asina Organismo tanto coa Xunta de Galicia como co Ministerio de Fomento.


*Orzamento da Entidade Local e estados consolidados*

Os estados de gastos e ingresos do orzamento da Entidade Local e os consolidados son os seguintes, resumidos por capítulos:

**CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DO ESTADO GASTOS DA ENTIDADE E COMPARATIVO 2017-2016**



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2016 09:34	Páxina 4 de 19
Expediente 38/142	Código de verificación: 2EEE4-2A8CE-A48CC-DDEBC	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



ALCALDÍA

Expediente 38/142

CAPÍTULO	Gastos Entidade			Ingresos Entidade		
	Importe 2017	Importe 2016	Variación %	Importe 2017	Importe 2016	Variación %
1	64.636.637,38	64.055.638,19	0,91%	105.386.182,34	103.831.645,34	1,50%
2	118.126.501,49	115.303.289,79	2,45%	7.871.804,00	7.709.710,00	2,10%
3	7.030,00	185.321,53	-96,21%	37.245.569,63	36.706.577,19	1,47%
4	32.884.979,13	32.754.795,05	0,40%	77.338.950,03	74.610.994,31	3,66%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	2.168.000,00	2.168.390,36	-0,02%
Operc. C.N.F	216.255.148,00	212.899.044,56	1,58%	230.010.506,00	225.027.317,20	2,21%
6	13.528.498,00	9.064.353,35	49,25%	,00	,00	0,00%
7	305.000,00	335.000,00	-8,96%	80.000,00	,00	100,00%
Operac. N.F	230.088.646,00	222.298.397,91	3,50%	230.090.506,00	225.027.317,20	2,25%
8	647.860,00	646.000,00	0,29%	646.000,00	646.000,00	7,67%
9	,00	2.728.919,29	-100,00%	,00	,00	0,00%
Total	230.736.506,00	225.673.317,20	2,24%	230.736.506,00	225.673.317,20	2,24%


**CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS DOS ESTADOS CONSOLIDADOS E COMPARATIVO 2017-2016**

CAPÍTULO	Gastos dos estados consolidados			Ingresos dos estados consolidados		
	Importe 2017	Importe 2016	Variación %	Importe 2017	Importe 2016	Variación %
1	68.531.459,73	67.950.460,54	0,86%	105.386.182,34	103.831.645,34	1,50%
2	119.645.166,67	116.743.530,16	2,49%	7.871.804,00	7.709.710,00	2,10%
3	7.030,00	185.321,53	-96,21%	38.326.169,63	38.072.066,96	0,67%
4	27.061.579,13	27.268.079,13	-0,76%	76.081.437,56	73.454.173,76	3,58%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	2.178.000,00	2.192.390,36	-0,66%
Operac. N.F	215.845.235,53	212.747.391,36	1,46%	229.843.593,53	225.259.986,42	2,03%
6	16.221.498,00	9.448.675,77	71,68%	2.500.000,00	,00	100,00%
7	355.000,00	335.000,00	5,97%	80.000,00	,00	100,00%
Operacións. N.F	232.421.733,53	222.531.067,13	4,45%	232.423.593,53	225.259.986,42	3,18%
8	672.860,00	671.000,00	0,28%	671.000,00	671.000,00	0,00%
9	,00	2.728.919,29	-100,00%	,00	,00	0,00%
Total	233.094.593,53	225.930.986,42	3,17%	233.094.593,53	225.930.986,42	3,17%

**CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DE GASTOS E COMPARATIVA 2017-2016**

Área	Descrición	Entidade	% var.	Consolidado	% var.
------	------------	----------	--------	-------------	--------





ALCALDÍA

Expediente 38/142

		2017	2016		2017	2016	
0	Débeda Pública	,00	2.907.210,82	-100,00%	,00	2.907.210,82	-100,00%
1	Servizos Públicos básicos	115.904.718,25	111.689.558,63	3,77%	118.262.805,78	111.947.227,85	5,64%
2	Actuación de protección e promoción social	20.564.950,32	18.952.703,38	8,51%	20.564.950,32	18.952.703,38	8,51%
3	Producción B. públicos carácter preferente	40.120.794,86	38.461.259,75	4,31%	40.120.794,86	38.461.259,75	4,31%
4	Actuacións de carácter económico	18.380.632,18	19.412.709,69	-5,32%	18.380.632,18	19.412.709,69	-5,32%
9	Actuacións de carácter Xeral	35.765.410,39	34.249.874,93	4,42%	35.765.410,39	34.249.874,93	4,42%
Total		230.736.506,00	225.673.317,20	2,24%	233.094.593,53	225.930.986,42	3,17%

### CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS

A análise particularizado de cada un dos capítulos e Áreas de Gasto, faise dun xeito xenérico, coa excepción que poida requirir algunha variación salientable, a súa avaliación polo miúdo, analízase no informe económico que forma parte do expediente do orzamento.

#### *Gastos de persoal*

A falta de norma concreta, o Orzamento previsto para o capítulo I, está reflectir un incremento global non superior ao 1 por cento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2016, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo. O incremento desta porcentaxe non se aplicou a conceptos tales como Fondo Social, Plan de pensións, produtividade, gratificacións, Seguro de vida e accidentes, formación e outras que non terían a condición de actualizables. En resumo, o gasto da Entidade increméntase nun 0,91% e os estados consolidados nun 0,86%.


De non ser efectiva a actualización dos salarios na porcentaxe fixada (1%), manterán a mesma contía ca do ano anterior, non sendo aplicable a revalorización.

Nas instrucións para a elaboración do capítulo I e cadro de persoal, recóllense as modificacións que se acordaron ao longo do ano 2016, así como as vacantes que se foron producindo e as correspondentes á Oferta/s de Emprego Público pendentes de execución.

No que atinxe ás retribucións dos membros da Corporación con dedicación exclusiva ou parcial, dótanse tendo en conta o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión de data 29 de xuño de 2015. Ademais destas limitacións, as retribucións do Alcalde e dos Sres. Concelleiros, para o ano 2017, non serán maiores co previsto no artigo 75 bis da Lei 7/1985, incorporado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, quedando fixado o límite no 80% das retribucións previstas para un Secretario de Estado.

O Real Decreto lei 1/2014, de 24 de xaneiro, incorpora a DA nonaxésima á Lei 22/2013, de





## ALCALDÍA

Expediente 38/142

Orzamentos do Estado para o ano 2014, na que se fixan as retribucións dos membros das Corporacións Locais en réxime de dedicación exclusiva, quedando a contía para os Concellos que teñen unha poboación entre 150.001 e 300.000 habitantes, na que se atopa Vigo, nun máximo de 80.000 euros por todos os conceptos retributivos. O Alcalde e os Srs. Concelleiros con dedicación exclusiva, teñen unhas retribucións máis baixas que o límite establecido, polo tanto, están a dar cumprimento tanto ao artigo 75 bis da Lei 7/1985 como o previsto no RD-I 1/2014.

De igual xeito, darase cumprimento, ao previsto no artigo 75 ter e 104 bis da Lei 7/1985, incorporado pola Lei 27/2013, en canto ao número de concelleiros con dedicación exclusiva e de persoal eventual. En relación con ambos límites máximos para a cidade de Vigo (18 concelleiros como máximo en dedicación exclusiva e 27 eventuais), estase a cumprir coas dúas limitacións.

O réxime das indemnizacións dos Srs. Concelleiros que non teñan dedicación parcial nin exclusiva será o establecido no acordo do Concello-Pleno de data 26 de abril de 2004 e reflectido na Base 35ª das de Execución do Orzamento.

O gasto da Entidade increméntase nun 0,91% e os estados consolidados nun 0,86%.

Neste capítulo, en aplicación da estrutura orzamentaria (ORDEN EHA 3565/2008 e Orde HAP/419/2014), as retribucións, tanto básicas como os complementos de destino, específico e antigüidade son obxecto de desagregarse atendendo os grupos de clasificación do persoal funcionario establecidos no artigo 76 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico dos Empregados Públicos.

O devandito capítulo da Entidade Local, reflicte unha dotación orzamentaria de 64.636.637,38 euros. Os gastos de persoal representan unha porcentaxe do total do orzamento equivalente ao 28,01% e un 29,89% sobre os gastos correntes non financeiros.

Os custes do capítulo dos estados consolidados para a RPT vixente, é de 68.531.459,73 euros, cunha variación do 0,86%, representan unha porcentaxe do total do orzamento equivalente ao 29,40% e un 31,75% sobre os gastos correntes non financeiros.

### *Gastos en bens correntes e servizos*


O capítulo II do estado de gastos reflicte todos os compromisos de carácter contractual e outros gastos necesarios para o funcionamento operativo, figurando dotados todos estes compromisos de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e todas aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento dos servizos.

As aplicacións que forman este capítulo teñen reflectida as actualizacións contractuais nos casos que procedan.

No que se refire aos servizos básicos, área de gasto 1, aínda na situación económica



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2016 09:34	Páxina 7 de 19
Expediente 38/142	Código de verificación: 2EEE4-2A8CE-A48CC-DDEBC	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



ALCALDÍA

Expediente 38/142

actual, teñen un crecemento do 3,77%. Os servizos municipais manterán un alto nivel de calidade e chegarán a máis cidadáns, en consecuencia, os servizos públicos básicos aínda tendo en conta os axustes de adxudicación, están a incrementar a súa dotación. O obxectivo é unha xestión máis eficiente dos recursos orzamentarios e os seus empregos, priorizándose os empregos e garantindo a calidade e cantidade das prestacións.

Os servizos públicos básicos que reflicte os servizos de Seguridade e Orde Público, Servizos de extinción de incendios, xestión e tratamento de residuos, limpeza viaria, urbanismo, medio ambiente, servizo de alumeados, mantemento de parques e xardíns, parques infantís, espazos forestais e vías públicas, representa o 50,88% do gasto non financeiro dos estados consolidados, evidentemente, os servizos públicos básicos constitúen a estrutura básica desta entidade, na que se sustentan a totalidade dos servizos fundamentais que se prestan aos cidadáns e reflicten a totalidade dos previstos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

As actuacións de protección e promoción social, área de gasto 2, na que se inclúen entre outras as de acción social e emprego, teñen un crecemento do 8,51% nos estados consolidados %. Nesta área, están as becas de comedor, axudas para libros, axuda para alugueiros, alimentos e carencia enerxética, axudas a familias e fondo de emerxencia para deshaucios, políticas de igualdade de xénero, hai un aumento do 41,67% na dotación para facer fronte á prestación do servizo da axuda no fogar e mellora na prestación no centro de servizos sociais, cun incremento na súa dotación do 23,64%. O crecemento do gasto no programa de benestar social é do 12,30%.

O programa 1539, DUSI Vigo, ten unha dotación para políticas de inserción social a colectivos en risco de exclusión, así como para a reestruturación da asistencia social, cun financiamento propio de 185.625,00 euros, e que terá unha financiamento europeo de 742.500,00 euros.

Como notas destacadas, na área de gasto de bens públicos de carácter preferente, están as políticas de gasto en educación cun crecemento do 15,05% nos servizos complementarios de educación, e cun aumento do 6,75% no funcionamento dos centros de ensinanza. Hai un aumento do 15% no programa de inmersión lingüística,. Incorporárase unha dotación con 360 mil euros para a mellora da Escola de Música de Beade. No funcionamento dos centros de ensinanza, dótase unha partida de 570 mil euros para facer fronte a cubrición de patios de colexios. No programa da UNED, increméntase como consecuencia dunha maior oferta formativa e polo gastos de funcionamento, (máis grados).


A dotación en aulas internacionais (inmersión lingüística pasou de 700 mil euros no ano 2015 a 1.500 mil euros no ano 2017. O convenio coa FOAMPA, maten a dotacións.

A promoción do deporte e instalacións deportivas, experimentan un crecemento moi importante, un 17,01% a dotación na promoción do deporte, con máis axudas ao deporte base, o que supón que a aplicación que reflicte a convocatoria de axudas pasa de 550 a 750 mil euros, un crecemento do 36,4 %.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2016 09:34	Páxina 8 de 19
Expediente 38/142	Código de verificación: 2EEE4-2A8CE-A48CC-DDEBC	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





ALCALDÍA

Expediente 38/142

A mellora tamén se produce nos investimentos en instalacións deportivas, que incrementa nun 1,37%, todo elo tendo en conta que o orzamento do ano 2016, xa tivo unha mellora do 12,9%.

En xeral, hai unha constante, o incremento das contías destinadas á política social e o mantemento de todas as políticas de benestar comunitario. Como nota máis salientable, as políticas de actuacións de protección e promoción social (benestar social, igualdade de xénero e emprego), o incremento na súa dotación é dun 8,51%.

As políticas de produción de bens públicos de carácter preferente, nas que se inclúen: fomento do deporte, instalacións deportivas, cultura, museos, educación e as restantes que conforman esta política, teñen un crecemento conxunto do 4,31%.

A súa orixe no incremento do programa de becas de inglés e na actualización dos contratos de servizos, no novo contrato de servizo de axuda no fogar, no contrato do centro de servizos sociais.

O Proxecto de orzamentos do Capítulo II da Entidade ascende a 118.126.501,49 euros, que supón unha variación positiva do 2,45% sobre o mesmo capítulo do orzamento do ano 2016, e representa un 51,20% respecto do total do orzamento e un 54,62% sobre os gastos correntes non financeiros.

Nos estados consolidados, este capítulo ascende a 119.645.166,67 euros, supón unha variación positiva do 2,49% sobre o mesmo capítulo do orzamento do ano 2016, representa o 51,33% sobre o orzamento total e o 55,43% sobre os gastos correntes non financeiros.

A súa orixe no incremento do programa de becas de inglés e na actualización dos contratos de servizos, no novo contrato de servizo de axuda no fogar, no contrato do centro de servizos sociais.

#### *Custes financeiros do servizo de débeda*


Ao Capítulo III do estado de gastos se lle atribúe unha consignación de 7.030 euros, o que representa un decrecemento do 96,21% con respecto ao exercicio 2016, neste capítulo dótase unha contía para facer fronte a calquera eventualidade de xuros por depósito de garantías, xa que ao non haber débeda financeira, non custe do servizo de débeda.

#### *Transferencias e subvencións correntes*

A cantidade prevista para atender ao gasto en concepto de transferencias e subvencións correntes deste Concello para o ano 2017 é de 32.884.979,13 euros, cunha variación do 0,4% en



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2016 09:34	Páxina 9 de 19
Expediente 38/142	Código de verificación: 2EEE4-2A8CE-A48CC-DDEBC	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## ALCALDÍA

Expediente 38/142

comparación co orzamento anterior e unha ponderación no total de gastos do 14,25%, e do 15,21% sobre os gastos correntes non financeiros.

En canto aos estados consolidados, o importe é menor que o da propia Entidade Local, xa que unha parte importante deste capítulo é a transferencia corrente que a Entidade fai ao seu Organismo Autónomo, así como a que o Organismo Autónomo fai á Entidade Local, e que se elimina no proceso de consolidación.

A contía é de 27.061.579,13 euros, ten unha variación á baixa en relación co ano anterior do 0,76%. Representa un 11,61% sobre o total do orzamento e un 12,54% sobre o gasto corrente non financeiro.

Neste Capítulo están incluídas, entre outras, as seguintes dotacións:

- Transferencia a favor da Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Transferencias a Entidade Local de Bembrive.
- Compensacións, polo concepto de diferenza de prezo do billete e prezo pagado polos beneficiarios da tarxeta social, tarxeta verde, pensionistas e xubilados cunha renda que non supere o SMI polo uso do Transporte Urbano Colectivo de Vigo, así como o Servizo de Lanzadeiras ao Campus Universitario e ao Hospital Alvaro Cunqueiro.
- Convenio FOAMPA
- Transferencia a Mancomunidade de Municipios e a Área Metropolitana.
- Subvencións convocadas polas distintas áreas xestoras (Participación Cidadá, Cultura, Deportes, Benestar Social, etc).
- Convocatoria das axudas ao emprego, creación de empresas.
- Convocatoria de axudas a alugueiros, alimentos e carencia enerxética
- Transferencias nominativas para eventos e determinados clubs de elite.
- Convenios de cooperación do programa de Benestar Social.
- Transferencias ás Fundacións MARCO, LISTE, VIDE, LAXEIRO, PROVIGO, CONVENTIUN BUREAO
- Subvencións aos Grupos Políticos Municipais.
- Axuda ao terceiro mundo.
- Axudas humanitarias.
- Convenio UNED.

Mantense a aposta polo emprego, cun plan cuxo custe total directo ascende a máis de 5 millóns de euros, incluíndose dotacións para o desenvolvemento de políticas activas de emprego, programas de axudas a xeración de emprego e de asesoramento a emprendedores, axudas á creación de empresas. Tamén se dotan recursos para a xestión do plan mediante a asignación de convenios con outros axentes e ao plan de emprego xuvenil.

Polo concepto de diferenza de prezo do billete e prezo pagado polos beneficiarios da tarxeta social, tarxeta verde, pensionistas e xubilados cunha renda que non supere o SMI polo uso do Transporte Urbano Colectivo de Vigo, así como o Servizo de Lanzadeiras ao Campus Universitario e ao Hospital Alvaro Cunqueiro, hai un incremento na súa dotación, sendo a finalidade a de facer fronte ao custe adicional de subvencionar o transporte ao Hospital Alvaro



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo


Data impresión: 08/11/2016 09:34

Páxina 10 de 19

Expediente 38/142

Código de verificación: 2EEE4-2A8CE-A48CC-DDEBC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



ALCALDÍA

Expediente 38/142

Cunqueiro e as políticas que se derivan do transporte metropolitano.

No capítulo I do estado de gastos, segue a manterse o Plan de Emprego Municipal dotado con 1,5 millóns de euros, englobando o custe salarial e o de Seguridade Social. Ademais destas dotacións, incorporáranse ao orzamento do ano 2017 por modificación de orzamentos os acordos asinados coa Comunidade Autónoma e con Fondos Europeos en materia de emprego, obradoiros, etc., que posibilitan a contratación de novos traballadores, que axudan a amortecer os efectos negativos da situación económica actual.

Na axudas ao deporte base, prodúcese unha variación de 380.000,00 euros, que representa un incremento do 25% en relación co ano 2016.

Nas axudas a colectivos sociais a cargo do programa de benestar social, tamén hai unha variación á alza do 2%

En servizos educativos complementarios, dúplícase a contía adicada as subvencións da Escola Oficial de idiomas

O programa 1539, DUSI Vigo, ten unha dotación para políticas de inserción laboral, cun financiamento propio de 225.000,00 euros, e que terá unha financiamento europeo de 900.000,00 euros.

*Investimentos*

No cadro de investimentos, pódese comprobar a composición do financiamento para cada unha das operacións de capital non financeiro. O Concello afrontase ao financiamento das súas operacións de capital sen financiamento alleo, polo que a totalidade do gasto de investimento, ten financiamento propio.

O financiamento ten a orixe seguinte:


Estado consolidado dos investimentos reais

Achégase o plan de investimentos e unha relación de proxectos, no que se reflicten accións tanto en zonas urbanas como rurais, que responde as necesidades e demandas dos cidadás.

Así mesmo, incorpórase o plan de investimentos e financiamento (PAIF) a facer nos próximos catro anos. A necesidade de achega dun plan para o período descrito, ademais dos investimentos previstos para o ano 2017, ven imposta polo desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Aplicación	Proxecto	Investimento	2017
------------	----------	--------------	------

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2016 09:34	Páxina 11 de 19
	Expediente 38/142	Código de verificación: 2EEE4-2A8CE-A48CC-DDEBC	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		




ALCALDÍA

Expediente 38/142

			Rc. propios	Fallea, UE
1320.6240000	17132010	Vehículo de atestados	6.000,00	
1320.6290000	17132000	Compra de armas	10.000,00	
1320.6290001	17132001	Compra de Etilómetro e Sonómetro	15.000,00	
13306250000	17133000	Compra de mobiliario	18.000,00	
1360.6240000	17136000	Compra de camión escaleira, 1º anualidade	780.000,00	
1360.6320000	17136001	Parque de Bombeiros	50.000,00	
1360.6330010	17136010	Compra de reposición de aparataxe	30.000,00	
1510.6000000	17151000	Compras e expropiacións de chan	100.000,00	
1510.6210000	17151010	Recuperación Plan Panificadora	2.500.000,00	
1510.6230000	17151009	Maquinaria e Instalacións	3.000,00	
1510.6240000	17151008	Compra de elementos de transporte	18.000,00	
1510.6250000	17151001	Compra de mobiliario	6.000,00	
1510.6260000	17151002	Compra de equipos informáticos	9.000,00	
1510.6320000	17151004	Investimentos de mellora no edificio da XMU	6.000,00	
1510.6810100	17151005	Cuotas de urbanización	40.000,00	
1510.6810300	17151006	Investimentos en chan do PMS	11.000,00	
1532.6190002	13155002	2º Fase humanización Marqués de Valterra	440.000,00	
1532.6090000	16153200	Aparcadoiro H. Alvaro Cunqueiro	590.000,00	
1532.6190006	17153206	Mellora infraestrutura en parroquias	430.000,00	
1532.6190007	14155007	Humaniz. Rosalía Castro, Canceleiro-S. Avendaño	445.000,00	
1532.6190010	17153210	Vigo Vertical, Ascensores J.R Jimenez Valterra-Torrec-Pi Margall	700.000,00	
1532.6190008	17153208	Vigo Vertical, S.Salvador-Praza I. a Católica	470.000,00	
1532.6190009	17153209	Conv. infraestrutura Dep. Pontevedra, % F. Propia	450.000,00	
1530.6190011	17153211	Humaniz. G. Olloqui e Praza Praza Compostela	450.000,00	
1530.6190012	17153212	Humanización García Lorca	800.000,00	
1532.6190050	13155050	Mell. Accesibilidade peonil, P. Sol. Ab. Menendez	800.000,00	
1532.6190052	16153252	Humanización rúa Bueu	280.000,00	
1532.6190054	16153254	Beirarrúa Canceleiro , par (G.Barbón- R. Castro)	240.000,00	
1532.6290008	17153208	Compra equipo topografía	40.000,00	
1539.6190050	17153950	Obxectivo OT4, proxecto DUSI	375.000,00	
1539.6190051	17153951	Obxectivo OT6, proxecto DUSI	296.998,00	
1539.6260000	17153910	Obxectivo OT2, proxecto DUSI	40.000,00	
1539.6400000	17153911	Obxectivo OT2, proxecto DUSI	72.500,00	
1621.6330000	17162100	Investimento reposición colectores soterrados	25.000,00	
1640.6220000	17164000	Constr .cinceiros cemiterio de Pereiró e Lavadores	80.000,00	
1650.6190000	17165000	Investimento de reposición en alumado público	100.000,00	
1650.6330000	17165010	Investimento de reposición en maquinaria tuneis	100.000,00	
1710.6090000	17171000	Mobiliario Urban	107.000,00	
1710.6190000	17171010	Mell. Instalacións deportivas en parques	100.000,00	



**ALCALDÍA****Expediente 38/142**

1710.6190003	17171003	Recuperación de zonas verdes e P. Públicos	90.000,00	
1710.6190015	17171015	Parques infantís e biosaudables	650.000,00	
1710.6190016	17171016	Arranxo de palcos nas alamedas	5.000,00	
1710.6230018	17171018	Maquinaria xardíns	10.000,00	
1720.6290000	17172000	Elementos dotacionais en praias	70.000,00	
1721.6290000	17172100	Adquisición de sonómetro	12.000,00	
2410.6230000	17241000	Maquinaria programas de emprego	10.000,00	
2410.6250000	17241001	Mobiliario programas de emprego	10.000,00	
2410.6260000	17241002	Equipos informáticos programas de emprego	10.000,00	
3230.6220005	17323005	Cubrición de patios en colexios	570.000,00	
3230.6250000	17323000	Mobiliario para colexios	15.000,00	
3230.6310000	17323010	Investiementos en patios colexios	15.000,00	
3260.6320000	17326000	Mellora na E.M de Música de Beade	360.000,00	
3261.6230000	17326100	Maquinaria instalaciónes e utilaxe	3.000,00	
3261.6250000	17326101	Mobiliario aula e talleres, EMAO	3.000,00	
3261.6260000	17326102	Sistemas informáticos, EMAO	2.000,00	
3261.6320000	17326103	Mellora no edificio, EMAO	11.000,00	
3360.6890000	17336010	Recup. e posta en valor do Patri. etnográfico	20.000,00	
3371.6220000	17337100	Novas instalacións, Zoo	10.000,00	
3371.6290000	17337101	Compra de animais, Zoo	6.000,00	
3371.6320000	17337102	Investimentos de reposición no recinto, Zoo	1.000,00	
3420.6220000	17342000	1ª anualidade construción pavillón polideportivo	300.000,00	
3420.6230000	17342004	Caldeiras e equi. técnicos en insta. deportivas	70.000,00	
3420.6250000	17342010	Mobiliario en instalacións	5.000,00	
3420.6260000	17342002	Informatización instalacións do IMD	10.000,00	
3420.6290000	17342003	Equipamento deportivo	25.000,00	
3420.6290001	17342001	Instalacións de desfibriladores	35.000,00	
3420.6320002	16342030	1º parte da 2º fase do campo fútbol cabral carballal	950.000,00	
3420.6320003	17342003	Investimento mellora no pavillón Monte da Mina	260.000,00	
3420.6320014	15341014	Investimentos de mellora C. fútbol e Inst. Deport.	85.000,00	
4310.6190000	17431000	Remodelación comercial zona ostras	10.000,00	
9120.6890000	17912000	Adquisición de obra	15.000,00	
9200.6230000	17920010	Adquisición de grupo electrógeno e SAI	90.000,00	
9200.6390000	17920000	Reposición ascensor casa Consistorial	80.000,00	
9202.6340000	17920210	Grandes reparacións de flota	20.000,00	
9206.6250000	17920600	Adquisición de mobiliario	40.000,00	
9207.6260000	17920700	Adquisición equipos informáticos	180.000,00	
9240.6250002	17924002	Mobiliario oficinas descentralizadas	30.000,00	
9330.6320000	17933000	Investimento mellora no Patrimonio Municipal	100.000,00	
9330.6320010	14933010	Investimento mellora E. Balaídos	1.000.000,00	



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo


Data impresión: 08/11/2016 09:34

Páxina 13 de 19

Expediente 38/142

Código de verificación: 2EEE4-2A8CE-A48CC-DDEBC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



ALCALDÍA

Expediente 38/142

Subtotal		16.221.498,00
----------	--	---------------

Os empregos dos fondos públicos pretende abarcar distintos ámbitos de competencias e actividades do marco local, tratando de conquistar un desenvolvemento harmónico e equilibrado, así como destinar os recursos necesarios para mellorar o funcionamento operativo dos servizos públicos.

A contía dos investimentos é de 13.528.498,00 euros na entidade, que representa un 5,86% sobre o total do orzamento.

O programa de investimentos dos estados consolidados ascende a 16.221.498,00 euros, nalgún caso os investimentos correspóndense co propio funcionamento operativo e noutros casos, supón investimentos destinados a uso xeral ou de servizo. A porcentaxe deste capítulo sobre a totalidade dos orzamentos é dun 6,96%.


A variación que ten o plan de investimentos financiados con recursos propios en relación co ano precedente, na Entidade Local é do 49,25%, e nos estados consolidados, a variación á alza é do 71,68%. No caso do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, inclúese no plan de investimentos, unha primeira anualidade para o Plan da Panificadora, cunha dotación de 2.500.000,00 euros, que se financia cos recursos obtidos pola venda do Patrimonio Municipal do Chan.

Como consecuencia do outorgamento ao Concello de Vigo do programa DUSI, no orzamento reflíctese o cofinanciamento que lle corresponde ao Concello en cada un dos obxectivos (anualidade 2016-2017). Unha vez que se teñan definido os proxectos e programas para cada unha das liñas que conforman cada un dos obxectivos, farase a preceptiva modificación orzamentaria por xeración no estado de gastos, incorporándose o financiamento europeo. Así mesmo, farase unha modificación por transferencia negativa nas aplicacións que están reflectidas como cofinanciamento municipal, para complementar as aplicacións creadas co cofinanciamento europeo ata completar o 100 por 100 do financiamento de cada liña.

De igual xeito, incorpórase unha dotación para facer fronte ao cofinanciamento do convenio a asinar coa Excm. Deputación de Pontevedra, na que se seguirá o mesmo procedemento orzamentario que o explicado para o programa DUSI.

En consecuencia, o proxecto de orzamento que se está a tramitar, tan só reflicte os proxectos financiados con recursos propios e o cofinanciamento propio para os proxectos e programas cofinanciados por outras administracións, diferindo ao momento no que se asine o convenio ou se teñan definidos os proxectos, para incorporar o financiamento alleo, quedando garantido a suficiencia de recursos propios para cubrir o cofinanciamento dos proxectos referenciados.

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2016 09:34	Páxina 14 de 19
	Expediente 38/142	Código de verificación: 2EEE4-2A8CE-A48CC-DDEBC	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



ALCALDÍA

Expediente 38/142

*Subvencions de capital*

Son as achegas que fai a Entidade Local, sen contraprestación directa do axente perceptor, con destino a financiar operacións de capital, ascendendo á cantidade de 305.000,00 euros, cunha ponderación do 0,13% sobre o total do Orzamento.

Nos estados consolidados, a contía resulta da suma da Entidade Local e o OA, XMU, 355.000,00 euros. A ponderación sobre o total do Orzamento en dun 0,15% .

As dotacións que figuran neste capítulo orzamentario son as seguintes:

Aplicación	Proxecto	Suv. Capital Entidade	Entidade	Consolidado
1510.7670000	17151011	10% Plan de actuación CCVV	20.000,00	20.000,00
1510.7800000	17151012	Axudas accesibilidade	,00	50.000,00
2310.7800000	17231000	Axudas mellora en fogares	50.000,00	50.000,00
3421.7700000	17342000	Pista polideportiva colexio Apostol.S	20.000,00	20.000,00
9240.7800010	16924010	Subvencions capital Asociacións	150.000,00	150.000,00
9240.7800000	16924000	Prazas de uso público	65.000,00	65.000,00
Total			305.000,00	355.000,00

**PROXECTO DUSI**

O Concello de Vigo presentou candidatura ao proxecto de Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable Integrado (Estratexia DUSI), cuxo obxectivo e o de lograr unha integración equilibrada e a longo prazo de obxectivos económicos, sociais, demográficos, ambientais e climatolóxicos.


En datas recentes, lle foi concedida ao Concello un cofinanciamento de 15 millóns para estender o "Vigo Vertical" a Gran Vía, O Castro e Casco Vello. A cidade recibirá unha inxección de 15 millóns do Programa Operativo de Crecemento Sustentable FEDER 2014-2020 para dar continuidade ao proxecto "Vigo Vertical".

A estratexia de desenvolvemento presentada polo goberno á convocatoria europea ten un importe global de 18.750.000 euros, dos que un 80% serán financiados con fondos FEDER e o outro 20% restante terao que achegar o concello, 3,7 millóns.

O proxecto de orzamento para o ano 2017, incorpora o financiamento das anualidades 2016-2017 que lle corresponden ao Concello de Vigo, quedando para o primeiro trimestre do ano



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2016 09:34	Páxina 15 de 19
Expediente 38/142	Código de verificación: 2EEE4-2A8CE-A48CC-DDEBC	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



ALCALDÍA

Expediente 38/142

2017, a xeración de créditos pola contía que corresponde as devanditas anualidades que se corresponden co financiamento FEDER, por unha contía de 5.572.500,00 euros, que xuntamente co financiamento municipal que figura no orzamento por unha contía de 1.393.125,00 euros, conforma a contía das devanditas anualidades (6.965.625,00 euros).

O Horizonte temporal previsto polo goberno para a execución do proxecto, e o de 2017-2019, coas seguintes anualidades:

2016-2017:	6.965.625,00
2018:	9.262.500,00
2019	2.521.875,00

INGRESOS

Os datos que reflicte a memoria, están a facer referencia aos estados consolidados, que no caso desta entidade, afecta ao capítulo 3 do estado de ingresos

Os ingresos totais segundo o Proxecto do Orzamento do Concello para 2017, ascende a 230.736.506,00 euros, o que supón unha variación á alza do 2,24%. Os estados consolidados ascenden a 233.094.593,53 euros, tendo unha variación á alza é do 3,17%.

Imposición directa e indirecta

A variación positiva dos Impostos directos é dun 1,50%. As previsións deste capítulo son de 105.386.182,34 euros.

O Imposto sobre Bens Inmóbeis xuntamente co de características especiais, ten unha previsión de 65.900.000,00 euros, representa un 28,67% da totalidade dos ingresos correntes non financeiros e un 28,27% sobre a totalidade do orzamento. As previsións deste Imposto incrementábase respecto das aprobadas no Orzamento de 2016, nun 2,25 por 100. Esta variación ten a súa orixe na actualización de índices e o resto, por melloras na xestión.

A previsión feita para os Vehículos de Tracción Mecánica por unha contía de 14.300.000 euros, diminúe en relación ca do ano anterior nun 2,05%, representa o 6,14% do total do orzamento e o 6,22% sobre os ingresos correntes non financeiros.


O imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza urbana, ten unha previsión de 6.400.000 euros, aumenta nunha porcentaxe do 6,67%, esta previsión ten unha ponderación do 2,78% sobre os ingresos correntes non financeiros e do 2,75% sobre o orzamento total.

O Imposto sobre actividades económicas ten unha previsión de 13.227.275,34 euros,



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2016 09:34	Páxina 16 de 19
Expediente 38/142	Código de verificación: 2EEE4-2A8CE-A48CC-DDEBC	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





## ALCALDÍA

Expediente 38/142

tendo a mesma previsión que a do orzamento do ano 2016, e está a representar un 5,76% sobre os ingresos correntes non financeiros e un 5,68% sobre o orzamento total.

En relación coa cesión de tributos do Estado (IRPF, IVE e II.EE), a contía que figura nas previsións correspóndese coas entregas a conta do ano anterior actualizada cun 1%.

Os ingresos pola cesión do IRPF, son por unha contía de 5.508.207,00 euros.

Os impostos indirectos conteñen unha previsión de 7.871.804,00 euros. Este capítulo o conforma o ICIO, que ten unha previsión 1.600.000,00 euros, cunha variación do 6,67% en relación ca do ano precedente e a cesión do IVE,, cunha previsión de 4.625.346,00 euros e a cesión dos II.EE, cunha previsión de 1.646.358,00 euros .

A variación do capítulo 2, é dun 2,1%, tendo unha ponderación sobre os ingresos correntes non financeiros do 3,43%, e sobre os ingresos totais dun 3,38%.

### Capítulo III

As Taxas e Prezos Públicos medran nunha porcentaxe do 0,67%, estando previstas liquidacións por unha contía de 38.326.169,63 euros, representan un 16,44% do total do orzamento e un 16,68% dos ingresos correntes non financeiros. As variacións son por axustes técnicos de escasa contía. Como axuste á alza, están os ingresos polos mercados ambulantes, como axuste á baixa, os ingresos por taxas de licenzas de obras.

As contías orzamentadas teñen a súa análise, nos históricos e máis concretamente, nas liquidacións dos dous últimos anos.

No informe económico de ingresos tamén hai un maior detalle explicativo das variacións.


### Participación en ingresos doutras Administracións

As previsións de ingresos que proveñen da Administración Xeral do Estado que figuran no orzamento para o ano 2017, teñen a súa base de cálculo nas entregas a conta do ano 2016, xa que, a esta data, non foi feita notificación polo Ministerio de Facenda (Secretaría de Estado de Facenda e Orzamento) da contía correspondente ao ano 2017. Sobre as contías de entregas a conta, son deducidas as compensacións polas liquidacións negativas pola Participación nos Tributos do Estado correspondentes aos anos 2008-2009, que pasaron a devolverse-compensarse en 10 anos e sobre esa base, aplícase unha actualización dun 1%.

Na análise que se achega na táboa, está a reflectir a totalidade dos ingresos, tanto pola cesión de tributos como polo Fondo Complementario de Financiamento que se corresponden co ano 2017.

Concepto	Entregas mes	Total ano	Liquidación 2014
IRPF	454.834,91	5.458.018,92	348.217,64
IVE	358.461,09	4.301.533,08	362.790,61





ALCALDÍA

Expediente 38/142

II.EE	138.084,87	1.657.018,44	98.752,95
FCF	5.280.102,71	63.361.232,52	3.326.379,27
Total		74.777.802,96	4.136.140,47
Liquidación prevista 2015, 1%		747.778,00	

Previsións feitas, ≈ 1% sobre o total do ano anterior máis a liquidación prevista.

Concepto	Previsto 2018
IRPF	5.508.207,00
IVE	4.625.346,00
II.EE	1.646.358,00
FCF, inclúe liquidación 2015	64.711.034,34
Total	76.490.945,34

A subvención ao transporte público colectivo, mantén a mesma contía que a do ano 2016.

En canto á Participación nos Tributos da Comunidade Autónoma, mantense a contía do ano anterior en 6.199.366,92 euros.

Os importes relativos ao Plan Concertado e CEDRO, as previsións axústanse as horas de prestación comunicadas para o ano 2017, sobre as mesmas, aplícase a contía que a Xunta reintegra ao Concello, resultando unha contía de 2.225.000,00 euros e 529.746,00 euros respectivamente.

Neste capítulo tamén se está a reflectir os convenios asinados coa Excma. Deputación de Pontevedra en relación co plan de asfaltado por unha contía de 902.144,96 euros e a de promoción turística, cunha contía de 233.000,00 euros.


#### *Ingresos patrimoniais*

Salvo axustes de escasa relevancia, non ten variación en relación co ano precedente

#### *Concertación de pasivos financeiros*

Nos últimos 30 anos, cando se aprobaba un orzamento sempre tiña como recurso de financiamento unha operación de débeda. Por segundo ano, o orzamento que se somete a aprobación, non ten previsto o financiamento con apelación ao mercado de capitais.





## ALCALDÍA

Expediente 38/142

Ao longo destes últimos anos, púxose de manifesto que o servizo de débeda estaba a supoñer unha carga que xeraba unha repercusión negativa para a prestación de servizos, consumindo recursos que limitaban o destino a empregos alternativos, polo que, nos catro últimos anos (2013-2016), levouse a cabo unha amortización extraordinaria de débeda financeira por unha contía de 44.825.788,57 euros, e unha amortización ordinaria no mesmo período de 24.620.600,51 euros. Así con data 30 de xuño de 2016, fíxose a última amortización da débeda financeira que quedaba pendente por unha contía de 9.931.101,33 euros, polo que, a esta data, non hai servizo de débeda que atender, e tampouco está a consumir recursos, o que posibilita que se poidan destinar na súa totalidade as políticas de gasto social, protección e promoción, así como ao financiamento do plan de investimentos.

### Conclusión

En resumo, o proxecto de orzamentos que se presenta, garante a prestación da totalidade dos servizos, os programas de contido social como: a promoción e benestar social, axuda no fogar, axudas a estudos na lingua estranxeira, becas de comedor, axudas a libros, gasto en educación, gasto en comedores sociais, centro de emerxencia, fomento de emprego, programas de axuda a alugueiros, alimentos e carencia enerxética, etc. Aumentan as porcentaxes do ano anterior ou nalgún caso, case duplica a dotación, o que hai que considerar non só importante pola súa contía, senón pola decisión de facer fronte a situacións especialmente difíciles pola aplicación das políticas orzamentarias.

O proxecto de orzamento que se presenta, é solidario, social, equilibrado e responsable.

Así mesmo, estase a dedicar case un 7% do orzamento a investimentos reais.

O orzamento, é unha ferramenta que permite actuar como un mecanismo redistributivo da riqueza, por iso, utilízase para facer fronte ás necesidades máis acuciantes. Por outra banda, unha xestión máis eficiente no manexo dos recursos públicos e cun custe CERO do servizo de débeda, concrétase na posibilidade de presentar un proxecto de orzamentos que da resposta aos problemas que teñen os cidadás na situación actual.

Estas son as sinais identificadoras deste proxecto, un orzamento rigoroso, responsable, solidario, social e inversor, que se presenta ao Pleno da Corporación para o seu estudo e aprobación si procede, e que rexerá para todo o ano 2017.

LG/

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O ALCALDE PRESIDENTE: Abel R. Caballero Álvarez



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2016 09:34	Páxina 19 de 19
Expediente 38/142	Código de verificación: 2EEE4-2A8CE-A48CC-DDEBC	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		